



PLAN DIXITAL

EFA PIÑEIRAL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

1.3. Breve xustificación do mesmo

1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos

3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do Plan Dixital

4.1. Seguimento do Plan de Acción

4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do Plan Dixital

1. Introducción

O Plan Dixital do Centro é a ferramenta que facilite o acceso ao uso dos medios dixitais no proceso de ensinanza- aprendizaxe de cara o desenvolvemento pleno e integral do alumnado.

Trátase polo tanto dun instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, Proxecto de Dirección e o Programa Xeral Anual de cara a dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de xeito que converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa que mostre coherencia e guíe no uso das tecnoloxías.

1.1. Datos básicos do centro

No concello de Arzúa atópase o Centro EFA Piñeiral.

Trátase dun Centro de Promoción Rural, no que se imparte, entre outra formación os seguintes ciclos de Formación Profesional:

- C.F.G.M.: Panadaría, Repostaría e Confeitaría.
- C.F.G.M.: Coidados Auxiliares de Enfermaría
- C.F.G.M.: Actividades Comerciais
- C.F.G.S.: Educación Infantil
- C.F.G.S.: Marketing e Publicidade



www.pineiral.es

Os Centros de Promoción Rural-Escuelas Familiares Agrarias de Galicia, son polas súa natureza un movemento asociativo, que agrupa a familias e profesionais do medio rural galego, que teñen por obxectivo contribuír á promoción profesional e social do medio rural a través da Formación Profesional.

As accións formativas van dirixidas principalmente á mocidade atendendo sempre ás características da EFA Piñeiral:

- Metodoloxía propia: A Alternancia formativa seguindo o modelo orixinal das Maisons Familiares Rurales de Francia.
 - o Interacción educativa empresa- aula- medio social
 - o Proceso de aprendizaxe: observación, acción, reflexión
 - o Ritmo apropiado entre as estancias na empresa e a escola.
- Unha responsabilidade social compartida:
 - o A asociación que apoia a xestión do centro educativo, na que participan:
 - Profesionais e empresarios da zona: A empresa
 - Pais/nais de alumnos: A familia
 - Institucións públicas
- Un proxecto persoal para cada alumno: Formación personalizada para facilitar a transición da escola á vida activa

- Orientación profesional
- Proxecto de creación/mellora da empresa familiar
- Inserción laboral
- Traballo en equipo

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto

Educativo do Centro

O Plan Dixital de Centro, é un documento aberto, que se usa como ferramenta de análise do centro en relación ao uso das tecnoloxías dixitais e, a partir desta situación a EFA Piñeiral deseña unhas estratexias e un plan de actuación que incluíra os obxectivos a seguir, as actuacións dirixidas a poder levar a cabo o plan e a súa avaliación e difusión. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital de Centro é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado.

O Plan Dixital centrase na aprendizaxe do alumnado, na comunicación con todos os membros da comunidade educativa, especialmente coas familias e na coordinación co equipo docente no relativo aos aspectos organizativos do centro.

Por elo, este documento toma como punto de partida as conclusións e datos recollidos no informe SELFIE, elaborado segundo as conclusións que se reflicten logo de utilizar a ferramenta dixital, participando na súa elaboración toda a comunidade educativa. A ferramenta SELFIE amosa unha instantánea da competencia dixital dende tres aspectos fundamentais a organización, a visión pedagóxica e a tecnolóxica.

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (que podemos extraer do Proxecto Educativo)

Polo xeral, o centro acolle alumnado das zonas próximas á propia EFA Piñeiral, se ben é certo que neste último ano, o alumnado procede de zonas dispares tales como Sanxenxo ou Ferrol que acoden ao centro pola diferenciación do proxecto educativo cunha consolidada aposta pola alternancia como sistema de contacto do alumnado co mundo empresarial e profesional

O nivel económico das familias caracterízase por ser nivel medio, cunha ampla porcentaxe de familias que traballan en actividades vinculadas á agricultura, o comercio e o sector servizos.

Pese á crise sanitaria e á situación económica inestable, non se aprecian grandes diferenzas nas aulas vinculadas ao eido social.

Pódese dicir que existe unha vinculación moi estreita entre o nivel cultural e socioeconómico do alumnado pero que ditos niveis non van parellos ao rendemento educativo nin académico do alumnado.

Esta circunstancia tradúcese en que o alumnado mantén unha predisposición positiva e óptima nas aulas e non eido educativo, con independencia do nivel cultura e económico do que proceda.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.

O plan dixital é un instrumento que forma parte do Proxecto Educativo e da programación Xeral Anual, posto que ten como finalidade que o alumnado se forme e sexa capaz de desenvolverse de xeito autónomo na sociedade na que vive. Trátase dunha finalidade que se plasma no Proxecto Educativo do Centro e nun dos piares da EFA.

A innovación e a dixitalización son fundamentais de cara a mellorar e facer máis realista o Proxecto Educativo da EFA, tendo en conta o proceso de dixitalización e evolución continua que sofre a sociedade na que vivimos, e polo tanto, á que debe de adaptarse o noso Proxecto.

Por este motivo, o proxecto educativo do Centro EFA Piñeirial ten entre outros, os seguintes obxectivos:

- Lograr unha óptima formación do alumnado
- Aplicar as novas tecnoloxías á formación e comunicación no proceso de ensinanza e aprendizaxe e uso da aula virtual.
- Fomentar o traballo e esforzo do alumnado
- Fomentar as habilidades da comunicación no alumnado

É importante dar a coñecer que neste marco, o centro conta cun Proxecto Educativo propio, denominado MEDEA, de cara ao seu cumprimento e mantendo a conexión coa realidade empresarial e profesional existente tan importante no eido da Formación Profesional.

O Plan Dixital encaixa no proxecto do Centro, sendo complementario e presentándose en total consonancia coa metodoloxía e obxectivos do mesmo posto que é unha tarefa fundamental promover a innovación e sacar o máximo partido das novas tecnoloxías, adaptando ás necesidades da realidade empresarial, os usos e os recursos dixitais existentes na formación de cara a capacitación do alumnado.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O Plan Dixital foi elaborado da man do Equipo Directivo en colaboración con todos os departamentos dos diferentes ciclos formativos, coa correspondente información ao Consello Escolar e será incorporado á Programación Xeral Anual do curso 22-23.

Deste xeito o Plan Dixital establécese un eixe sobre o que xiran os seguintes obxectivos:

- Dar a coñecer o Plan Dixital a toda a comunidade educativa de cara a avaliar o seu impacto na comunidade educativa unha vez rematado o curso académico.
- Avanzar na dixitalización de todo o equipo docente de cara a mellorar os datos recollidos no SELFIE realizado previamente e do que se dará conta no seguinte apartado.
- Incrementar o uso e a formación nas novas tecnoloxías de cara a mellorar as necesidades do profesorado no relativo ao seu uso no relativo ao ensino.
- Renovar parte dos equipamento máis obsoletos da aula de informática.
- Fomentar un comportamento seguro e responsable na rede de toda a comunidade educativa especialmente no alumnado da familia de Comercio e Marketing.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital do Centro levouse a cabo en tres fases ou etapas:

- 1ª Fase: Análise. A través da aplicación SELFIE levouse a cabo un primeiro análise das necesidades, debilidades e problemas que precisan accións concretas de actuación no centro, aspectos a mellorar e cuestións a ter en conta de cara a unha elaboración máis real e con maior impacto no centro educativo.
- 2ª Fase: Desenvolvemento. Nesta etapa poñeranse en práctica todas as accións precisas e propostas de á mellora neste eido. Toda a comunidade educativa e de xeito concreto determinadas persoas serán responsables de que se logren levar a cabo as diferentes actuacións no centro.
- 3ª Fase: Avaliación. A ferramenta chave na consecución dos resultados é a avaliación final de cara a analizar a realización dos obxectivos establecidos.

Deste xeito, o Plan Dixital de Centro permitirá:

- o Determinar os obxectivos que pretende o centro. (recollidos xa anteriormente)
- o Definir a situación do centro na actualidade
- o Establecer as actividades precisas para lograr os obxectivos definidos.

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

O Equipo Directivo facilitará a organización necesaria de cara a levar a cabo o proxecto recollido no Plan Dixital, así como para o seu seguimento e implantación das actividades recollidas no mesmo.

Para a axeitada posta en marcha do mesmo, nomearase un Equipo Responsable do Plan Dixital que será o responsable de definir as estratexias dixitais que se incluírán no Proxecto Educativo así como de coordinar as tarefas/acción precisas para levalas a cabo e mellorar se cabe a proposta de dixitalización do centro.

Así mesmo, este equipo será responsable de informar a toda a comunidade educativa sobre os aspectos a ter en conta do Plan Dixital, apoiará a realización do Test sobre a Competencia Dixital Docente, establecerá as necesidades formativas e elaborará un diagnóstico sobre a situación do equipamento no centro educativo. Este equipo responsable estruturarase do seguinte xeito:

- o Rocío Agra Baleato: Responsable do Plan Dixital
- o María Jesús Limés Castro Responsable do Equipo Directivo
- o Paula Iglesias Pose: Responsable de Innovación
- o Inmaculada Carbia Fernández, Responsable de comunicación do Centro

Pese a que tan só consta de tres representantes, de cara a súa operatividade e funcionalidade, realmente todo o equipo docente será coñecedor e impulsor deste Plan Dixital, colaborará na elaboración de diagnósticos e propoñerá as melloras precisas de cara a dixitalización do centro.

2. Situación de partida

Para coñecer o punto de partida da EFA, o Marco Europeo para as organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, a través de tres dimensións: Pedagóxica, tecnolóxica e organizativa que nos permite levar a cabo unha análise interno axeitado.

O PDC debe establecer claramente as ameazas e oportunidades do centro educativo así como as debilidades e fortalezas que se recollen no primeiro momento ao analizar a situación de partida no ámbito da integración das novas tecnoloxías así como da competencia dixital do centro.

Como ferramenta de análise usouse a plataforma SELFIE, aínda que ademais dela se traballen certos cuestionarios para establecer un diagnóstico o máis eficaz posible de cara á integración das tecnoloxías dixitais na ensinanza, no aprendizaxe e na avaliación do alumnado.

Este informe, do que se dará conta a continuación, é útil para coñecer a situación actual da EFA e propoñer as melloras necesarias tanto no eido do equipo docente como no alumnado.

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

A EFA está a traballar dende fai dous cursos, impulsada pola necesidade da crise sanitaria provocada pola COVID-19, nun plan de dixitalización dos contidos pedagóxicos e adaptacións dos mesmos.

O proceso de mellora das tecnoloxías dixitais pasa pola capacidade da conexión do centro á Rede e polo tanto, a inversión en soporte e mellora neste eido é importante e terase en conta xa de cara ao presente curso, sen prexuízo de precisar melloras e inversión de cara ao seguinte curso escolar.

Se ven é certo que a EFA non participa directamente en proxecto vinculado ás novas tecnoloxías, ven de rematar a participación nun proxecto de intercambio de boas prácticas no eido da Formación Profesional, o Programa FITH, así como outros proxectos vinculados á inserción profesional, obxectivo principal do centro.

A EFA conta cunha aula de informática, con 20 postos individuais e un total de 30 dispositivos, contando entre eles, 20 ordenadores de sobremesa e 5 portátiles.

Dende o terceiro trimestre do presente curso, o centro dispón de rede de fibra, cunha liña de acceso para persoal alleo ao centro, unha liña para o alumnado e outra para o profesorado.

O alumnado dispón de acceso a través dun contrasinal así como o profesorado conta cunha liña segura de acceso ao servidor, servicios do centro e almacenamento na nube.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración do DAFO usáronse dúas fontes de información principalmente. Por un lado realizouse unha auto avaliación coa ferramenta SELFIE, obtendo un informe en liña do centro, no que participou un 75% do alumnado, o 100% do equipo directivo e algo máis do 52% do profesorado. Por outro, leváronse a cabo pequenos encontros informais con todo o equipo docente para analizar a situación na que considera que se atopa o centro, as necesidades, as oportunidades detectadas e as debilidades así como as fortalezas e ameazas.

Para visualizar os resultados, achégase táboa con datos recollidos no informe SELFIE.

[Recomendacións para este apartado] Recoller a información máis relevante en relación coas diferentes fontes empregadas:

Auto avaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa empregando a seguinte táboa e tendo en conta que os resultados varían entre 0 e 5:

Áreas	Grupos	FP
A-Liderado	Equipo Directivo	3.2
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
B-Colaboración e redes	Equipo Directivo	3.2
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.4
C-Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.5
	Alumnado	3.4
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3.2
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	4.2
	Alumnado	4.6
	Equipo Directivo	3.5

F-Pedagogía: Implementación na aula	Profesorado	3.9
	Alumnado	3.7
G-Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.9
	Alumnado	3.5

- **Test CDD:** Valorar a posibilidade de incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado
(Táboa 1.3. do informe grupal do TestCDD)

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	21	52.38%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
83	B1	83	B1
82	B1	82	B1
150	C1	150	C1
127	B2	127	B2
70	B1	70	B1
96	B1	96	B1
93	B1	93	B1
52	A2	52	A2
80	B1	80	B1
80	B1	80	B1
83	B1	83	B1

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
PRIM				
ESO				
BAC				
F.P	90.54	B1	90.54	B1

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	1	9.09
B1	8	72.73
B2	1	9.09
C1	1	9.09
C2		
TOTAL	11	100

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e pequenos encontros con todo o persoal docente da EFA, o centro xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital, que se presenta a continuación:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUCTURAS-EQUIPAMENTO	O alumnado poderá traer á aula o seu propio dispositivo portátil e utilízalo durante ás clases (C13) O centro conta con equipamento dixital preciso nas aulas (C2;C5;C8)	Discrepancia entre alumnado e equipo directivo na facilidade do acceso á internet pola lentitude da conexión (C3)
	PERSOAL DOCENTE	O centro emprega espazos virtuais de aprendizaxe co alumnado (E3) O Centro emprega tecnoloxías dixitais na comunicación coa comunidade educativa (E4) Uso de recursos educativos abertos (E5) Implementación de actividades de aprendizaxe dixital (F3)	

		Uso de Tics para a aprendizaxe (F5)	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		Discrepancia en materia de base de datos, posto que a percepción é axeitada, pero non existe unha base de datos actualizada en tempo real. (C17)
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO		O Centro non conta cunha estratexia dixital (A1) Ausencia de sistema de avaliación do progreso no eido da aprendizaxe coas Tics. (B1) Ausencia de tempo para a aprendizaxe da ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A4) Ausencia de materiais en liña para a ensinanza e aprendizaxe (C16) Escasa utilización das Tics para avaliación alumnado (G8)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Situación laboral estable de todo o persoal docente e non docente Implementación de un plan de desenvolvemento Profesional Continuo do equipo docente e non docente do centro	Falta de financiamento para implementación novas Tecnoloxías, Plan Dixital de Centro... Falta de tempo para a formación en competencia dixital docente (A4)
	LEXISLACIÓN		Lexislación rixida e non adaptada á realidade profesional (currículos de ciclo anticuados)
		Posibilidade de creación de redes de colaboración con empresas, profesionais e outras	

	CONTORNA	entidades e o profesorado mellora da conectividade (fibra)	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Participación en programas europeos e de desenvolvemento alleos á actividade educativa nos que participa a Entidade	

3. Plan de Acción

Os pasos a seguir para a elaboración do Plan de Acción a partir dos resultados da análise DAFO foron os seguintes:

- Detectar as deficiencias do centro en canto a recursos, do equipo docente no eido das necesidades de formación en competencias dixitais e do alumnado vinculado ao uso responsable e seguro das Redes.
- Determinar os obxectivos que se queren conseguir e determinouse o período de tempo estimado para logralos.
- Determinar as accións que se poden levar a cabo para lograr cada obxectivo por parte do Equipo Directivo
- Establecer os responsables das accións a desenvolver, determináronse os recursos necesarios para lograr ditos obxectivos e os recursos precisos.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Áreas de mellora:	C- INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS					
OBXECTIVO (1):	Renovar parte dos equipamentos máis obsoletos da aula de informática (C2, C5 e C8)			Acadado		
				Non acadado		
Responsable:	Equipo directivo e coordinador Tics					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Instalacións e funcionamento da Rede a través de dúas liñas diferenciadas de acceso en todos os puntos do centro					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	10 equipos renovados			1º Trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
Descrición (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaboración dun inventario dos equipos máis obsoletos ou que teñan peor funcionamento	Coordinación TIC	Setembro	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitud de presuposto para a renovación dos equipos que se precisan cambiar	Equipo directivo e coordinación TIC	2º Trimestre	Ordenador con conexión a Internet e teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					pendiente	
AO1.3: Renovación dos equipos	Equipo Directivo	3º Trimestre	Presuposto do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Realizada	

Áreas de mellora:		D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO				
OBXECTIVO (1):	Detectar e mellorar as necesidades do profesorado no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais	Acadado				
		Non acadado				
Responsable:	Equipo Directivo / Coordinador					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Número de actividades/sesiós					
Valor de partida: (3)	0 % de participación en cursos de formación					
Valor previsto e data: (4)	25% de participación do profesorado				Ter	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
Descrición (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO (10)	
AO 2.1: Detectar as carencias na competencia dixital e necesidades formativas (enquisa)	Coordinador TIC	1º trimestre	Solicitud de cursos e recursos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 2.2: Solicitar cursos de formación a través de CECE e outras segundo as necesidades formativas detectadas	Profesorado	1º e 2º trimestre	Ordenadores persoais das participantes Conexión á internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 2.2: Implementación práctica na aula dos coñecementos adquiridos coa formación	Profesorado	Final de 3º T	Ordenadores persoais das participantes Conexión á internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:		H – Competencias Dixitais do alumnado			
OBXECTIVO 1: (1)	Fomentar un comportamento seguro e responsable na rede por parte do alumno da familia profesional de Comercio e Marketing			Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Actividades realizadas para acadar o comportamento/actuación seguro do alumnado				
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas				
Valor previsto e data: (4)	4 Actividades Técnicas			1º Trimestre	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Busca e solicitude de actividades técnicas (charlas, obradoiros, talleres...) para concienciar ao alumnado	Equipo directivo e equipo TIC	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Realización das actividades técnicas para concienciación do alumnado	Equipo directivo e responsables de departamento	1º trimestre	Recursos que consideren as persoas que imparten a formación		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións de mellora propostas no plan recolle uns indicadores específicos que se estimarán para analizar o logro ou non do obxectivo. Este seguimento de cumprimento será realizado como mínimo unha vez ao trimestre, analizando os estados de realización, aprazamento ou situación pendente de cada unha das accións. Tras a realización deste seguimento, analizarase o estado de cada actividade e realizarase unha valoración do grao de execución, para que no caso de ser preciso, tomar en conta a súa modificación e proposta de mellora.

A avaliación final dos obxectivos e das propostas de mellora, levaranse a cabo unha vez ao ano, valorando en todo caso, o logro dos obxectivos establecidos e polo tanto o cumprimento das melloras propostas.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de Centro será aprobado polo consello Escolar, polo Equipo Directivo e presentado en primeiro momento ao Equipo Docente e posteriormente ao resto da comunidade educativa. Así mesmo, nas sesións de familias e reunións de equipo, será presentado aos presentes.

O Plan Dixital, de cara a mellora da Comunicación e difusión de actividades do Centro será presentado na Web corporativa e farase referencia a el nas publicacións nas Redes Sociais.